

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 27 DE MARZO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseite de marzo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 24 de Marzo do dous mil seis (Extraordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.**

Non houbo.-

### **3.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non houbo.-

### **4.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

“Visto o escrito de don **Andrés Dieguez Santamaria**, actuando na súa representación MAPFRE MUTUALIDAD, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Cristino Álvarez, nº 1-3ª Planta, 15008, A Coruña, de data 09.01.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 17.02.06, no que como titular do vehículo matrícula OU05797T, expón que o día 30.10.05, ás 02:40 horas, circulando don Bruno Dieguez Giraldez por a rúa Celso Emilio Ferreiro, de Ribadavia, vese sorprendido por a ausencia da tapa do sumidoiro sita na intersección das rúas Redondela e Celso Emilio Ferreiro, sen sinalización ningunha de perigo, metendo a roda do coche en dito sumidoiro, producíndose os danos no vehículo que se reclaman. Por todo elo, solicita, en virtude da responsabilidade patrimonial da Administración, se lle aboe a cantidade de 185,09 euros por reparación dos danos sufridos, a tal efecto acompaña factura de reparación e relación valorada dos danos.

Vistos os documentos obrantes no expediente, atestado da policía local, informe de Aqualia, empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de data 06.03.06, e demais documentación da que resulta a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabile economicamente, que ten a súa causa no funcionamento dun servizo público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Recoñecer a responsabilidade patrimonial da Administración polo funcionamento anormal do servizo.

Segundo.- Proceder a indemnizar ao interesado en virtude do sinalado no artigo 106 da CE e 139 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común que establece que “os particulares terán dereito a ser indemnizados pola Administración de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos”. A tal fin e dado que o importe da indemnización ascende a 185,09 euros, a competencia corresponde ao Alcalde que deberá ditar a resolución económica de aboamento correspondente.”

## **5.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Servizo Provincial de Protección Civil), de data 17.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 24.03.06, comunicando a baixa dun voluntario da Agrupación.”

“Escrito do Xulgado Contencioso administrativo núm. 2 de Ourense, de data 21.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.03.06, solicitando en relación co recurso proc. Abreviado núm. 47/06-C, seguido a instancia de JOSE PÉREZ PRIETO contra o Concello de Ribadavia, remisión de certificación acreditativa de que o lavadoiro sito na Estrada N-120, Ventosela (Ribadavia), atópase inventariado entre os bens de dominio público de ese Concello, facendo constar a natureza, situación lindeiros, data de adquisición e dereitos reais en relación ao mesmo.”

“Dáse conta do escrito do Xulgado Contencioso administrativo núm. un de Ourense, de data 16 de marzo de 2006, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 24.03.06, polo que se achega o recurso contencioso administrativo, Procedemento Ordinario núm. 51/06 que se segue a instancia da mercantil “Construcciones Plazuela, S.A.”, contra Resolución do Concello de data 15 de decembro de 2005 que acorda desestimar o recurso de reposición interposto por don Modesto Pontes Sánchez contra a Resolución de data 9 de novembro de 2005, e se solicita a remisión do expediente administrativo dentro do prazo de vinte días, debendo notificar no prazo de cinco días a resolución pola que se acorda remitir o expediente, previamente a súa remisión, a cantos aparezan como interesados nel, emprazándoos para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Remitir o expediente administrativo no prazo de vinte días concedido ao efecto, completo, debidamente foliado e autenticado, e cun índice comprensivo dos seus documentos.

Segundo.- Emprazar a canto aparezan como interesados no procedemento para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días.

Terceiro.- Designar como avogado do Concello na causa a don Ángel Pazos Huete.”

“Escrito do Ministerio de Fomento, de data 17.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.03.06, no que se comunica ao Concello unha vez consultada a Unidade de Estradas en Ourense, que no municipio de Ribadavia non hai inmobles do Estado, e que os que correspondían a sobrantes de estradas, restos de expropiacións, etc. Foron transferidos no seu día a Xunta de Galicia.”

“Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Administración Local), de data 08.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 24.03.06, polo que se comunica que dado o tempo transcorrido dende a celebración do acto do día 22 de novembro de 2005, no que estiveron presentes as comisións designadas polos dous Concello, os representantes do Instituto Xeográfico Nacional e o desa Dirección Xeral, sen que na mesma se teña coñecemento do acordo acadado entre os Concellos de Carballeda de Avia e Ribadavia, se solicita a comunicación do resultado das negociacións entre ambos os dous Concellos e, de non existir acordo, se manifieste polo Concello o interese de continuar cos trámites do procedemento de deslinde.”

“Dáse conta da Resolución da Presidencia da Mancomunidade I.V. do Ribeiro, de data 20 de marzo de 2006 en relación ao recurso potestativo de reposición interposto polo Concello de Ribadavia contra resolución da presidencia de data 31 de decembro de 2005, de liquidación de servizos do ano 2005, pola que se desestima o devandito recurso.”

“Escrito da Concellería de Cultura e Deporte (Dirección xeral de Patrimonio), de data 24 de marzo de 2006, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.03.06, polo que se achegan dous exemplares do Convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Ribadavia para a realización das obras de consolidación do lenzo da muralla e II fase do paseo entre murallas do castelo dos Sarmiento para a súa sinatura e remisión.”

“Escrito do Ministerio de Medio Ambiente, de data 8.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 23.03.06, polo que se achega unha copia do proxecto de Aproveitamento Hidroeléctrico no río Cerves, TT.MM: de Ribadavia e Melón (Ourense), co fin de que se formulen as suxerencias oportunas que serán tidas en conta polo órgano ambiental competente no caso de determinar o sometemento do proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, así como na elaboración do estudo de impacto ambiental.”

“Escrito da Consellería de Medio Rural (Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais), de data 16.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 23.03.06, polo que se remiten os datos solicitados polo Concello respecto aos lumes producidos no Distrito

XI e no Concello de Ribadavia, distinguindo a superficie con árbores e a superficie rasa queimada, para a elaboración do Plan Municipal de Actuacións ante o risco de incendios forestais.”

“ Escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Dirección Xeral de Urbanismo), de data 2.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 22.03.06, polo que se comunica que o día 1 de xaneiro de 2006 ven de finalizar o prazo para terminar completamente as construcións e edificacións iniciadas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, polo que naqueles supostos de construcións e edificacións inacabadas, procede que por esta administración municipal se adopten as medidas necesarias para garantir o cumprimento da legalidade urbanística e mellorar a calidade da paisaxe urbana e natural do termo municipal, e neste senso, cumpre ordenar a execución das obras necesarias para o completo acabado das construcións, nas condicións da licenza e da preceptiva autorización outorgada e cumprindo en todo caso o establecido no artigo 104 da Lei 9/2002, procedendo no caso de incumprimento da orde de execución nos termos establecidos nos artigos 199 e 203 da Lei 9/2002.”

“Escrito da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte, de datas 15.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 20.03.06, polo que solicita cara a posibles actuacións da Consellería a remisión das actividades culturais, eventos, festivais ou ciclos que se desenvolvan no ámbito do Concello con periodicidade.”

“Escrito da Deputación Provincial (Servizos Sociais), de data 16.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 20.03.06, polo que se comunica unha baixa no servizo de Telesistencia domiciliaria.”

“Escrito da empresa Aqualia, de data 27.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 27.03.06, polo que se remiten os resultados de análises de mostras de auga para o consumo público do municipio de Ribadavia, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do ano 2006, así coma os resultados das análises completas realizadas de mostras de auga da ETAP de A Franqueirán, e os resultados das análises da EDAR de Francelos dos meses de xaneiro e febreiro, que reflexan un rendemento en depuración, nalgúns casos, do 98,1 % moi superior ao acadado por este tipo de depuradoras noutras instalacións.”

“Escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Sala do Contencioso administrativo, sección segunda, de data 15.03.06, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 24.03.06, polo que se achega a **Sentenza recaída no recurso de casación núm. 3092/2003 interposto contra a Sentenza da sección segunda da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, de data 16.01.03**, esta última recaída no recurso contencioso administrativo número 6597 de 1998, pola que se estimaba o recurso contencioso administrativo interposto por don Miguel Fidalgo Areda e don Francisco Xabier Carreira Sebío contra o acordo do Concello de data 23.07.98, sobre adxudicación do concurso público para estacionamento de vehículos sobre subsolo da Alameda do Concello. No fallo da Sentenza do Tribunal Supremo cácase e déixase se ningún valor nin efecto a sentenza da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza,

sección segunda, de 16.01.03, e desestímase o recurso contencioso administrativo núm. 6597/1998.”

## **6.- ASUNTOS ECONÓMICOS.-**

### **CERTIFICACIÓN Nº 2 DA OBRA SANEAMENTO SANTO ANDRÉ E A QUINZA.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación a certificación número 2 da obra denominada “Saneamento Santo André a Quinza”, POL 2005, Obra núm. 8/476, por un importe total de 33.542,72 euros; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 1.388,67 euros; Feder/Map, 3.240,23 euros; Feder/A.L, 20.236,32 euros; Deputación, 1.113,62 euros e Concello, 7.563,88 euros.”

### **APROBACIÓN DO PADRÓN COBRATORIO DA TAXA POLA RECOLLEITA DE LIXO**

“ A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio da Taxa por a Recolleita de Lixo, correspondente ao exercicio 2006, por importe de 182.507,66 euros. Así mesmo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario da Taxa de Recolleita de Lixo correspondente ao presente exercicio económico fixando o prazo entre o 1 de Abril e o 5 de Xuño de 2006.”

### **CONCESIÓN SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS**

“ Vistas as bases para a convocatoria de subvencións a entidades deportivas, aprobadas por a Xunta de Goberno Local o día 20 de decembro de 2005 e publicadas no BOP de 10.01.06.

Tendo en conta a solicitude presentada pola entidade F.C. Ribeiro, única entidade solicitante, e vista a valoración recollida na acta da sesión da Comisión Técnica constituída ao efecto o día 14 de marzo de dous mil seis, así coma a proposta da mesma de conceder á Entidade F.C. Ribeiro a totalidade da cantidade destinada 2.500 euros posto que foi a única solicitude presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder a subvención por importe de 2.500 euros a entidade F.C. Ribeiro.

Segundo.- Comunicarlle a dita entidade que deberá cumprir coa bases para a convocatoria de subvencións a entidades deportivas, especialmente no relativo as obrigas dos beneficiarios e a xustificación do emprego da subvención no prazo de tres meses dende a finalización da actividade, a través da presentación da documentación que nas mesmas bases se sinala.

Terceiro.- Comunicar dito acordo a entidade interesada co réxime de recursos que proceda.”

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.